



UN DEDO MANCHADO DE TINTA

Manuel PORTAS

Non é unha novela como as demais nin é Alberte un funcionario municipal arquetípico, nin Malulú un vendedor ambulante calquera, nin Carme, nin Cristina, nin Chus serán mulleres con historias comúns. Mais a pesar da súa excepcionalidade, tod@s pululan polas páxinas deste artefacto narrativo coa mesma naturalidade coa que transitan polas rúas de Compostela, coincidindo á espera de que se abra un semáforo, tomando un café, sen rozarse, sen se coñecerse, alleas pero compartindo un mesmo espazo e


EL PASO DE LOS DÍAS

Juan FARIAS

A Galicia profunda, un remoto pobo de de tanto vivir xa ten esquecido mesmo o nome, onde un mestre quixo cambiálo todo a forza de xiz e abecedario...

A historia dun amor reprimido, dunha vida rota polo que puido ser e non foi, na que personaxes e escenarios aparecen maxistralmente retratados.

Unha novela que merece ser lida.




NON HAI NOITE TAN LONGA

Agustín FERNÁNDEZ PAZ

Gabriel Lamas, un home de 50 anos asentado en París, volve á vila na que naceu. É a primeira vez en trinta anos que pisa a súa terra. Non volveu nin sequera para darlle sepultura ao pai, condenado e encarcerado a finais dos sesenta por un delito que non cometera. A Galicia coa que se atopa en 2002, tras a morte da súa nai, é moi distinta da que deixara en 1970, todo cambiou agás a ferida que o arredou dos seus e o levou a Francia. A mala conciencia segue intacta. "A novela é un axuste de contas coa miña xeración" di Agustín Fernández Paz

Quero quedarme no medio dos libros,
vibrar con Roque Dalton con Vallejo e Quiroga,
ser unha das súas páxinas,
a máis inesquecible
e desde alí xulgar ao pobre mundo .
Non pretendo que ninguén me encaderne,
quero pensar en rústica
coas pupilas verdes da memoria franca
no breviario da noite en vilo, o meu abecedario dos sentimentos
sabe pousarse nos meus queridos nomes.
Síntome cómodo entre tantas follas
con adverbios que son revelacións
sílabas que me piden un socorro
adxectivos que parecen xoguetes,
quero quedarme no medio dos libros.
Neles aprendín a dar os meus pasos,
a convivir con mañas e sopridos vitais,
a comprender o que crearon outros
e a ser por fin
este pouco que son.

Mario Benedetti



PARA SUMERXIRSE NA LECTURA
E...
GOZAR



INVESTIGACIÓN EN EL PARAÍSO

René PÉTILLON

Faltan moi poucos días para que Bürgenzell celebre o gran enlace entre o seu príncipe herdeiro e unha moza do pobo, sen sangue real. Mentres tanto, o inefable detective Palmer descobre un amazón de evasións fiscais naquel paraíso onde non todo é principesco. Cómic de estilo clásico, ben contado e aderezado con humor para relatar unha historia hilarante e satírica que provoca o sorriso sen deixar de facerche pensar. Un cómic ao estilo tradicional.

MERLÍN E FAMILIA

Álvaro CUNQUEIRO

A historia dun Merlín xa vello, refuxiado en terras de Lugo relatada polo paxe Felipe de Amancia, que lembra os tempos nos que traballou como criado do mago. Pola casa de Merlín pasan curiosos personaxes... Unha serie de engaiolantes historias adobiada dun fino sentido do humor que sorprende pola capacidade para facer convivir o mito co mundo cotián.



EL CRIMEN DE LA TANGENTE

Emili TEIXIDOR

Un grupo de adolescentes, vai pasar a fin de semana a un refuxio de montaña que remodelou o pai dun deles. A moi entusiasmados. Durante a viaxe unha maleta desaparece sen que ningún se decate de como nin quen a puido levar. Xa no refuxio unha sombra rolda a casa o que intranquiliza aos inquilinos. Ademais á mañá seguinte alguén do grupo desapareceu ¿que está pasando?



EL SILENCIO SE MUEVE

Fernando MARIAS


Un libro diferente, multimedia:
"Que O silencio se move O silencio móvese, explicoumo o meu pai cando eu era un neno. E aquel amencer de fai trinta anos, asomados ambos ao vello miradoiro sobre o mar da Casa Vella de Pedra, comezou a escribirse o meu destino... E probablemente, tamén esta páxina web. O meu nome é Juan Pertierra e gústame dicir que son un estudioso do silencio....."



LUME DE COBIZA

Miguel Anxo FERNÁNDEZ

Logo da súa peripécia de sabuxo nos depravados ambientes de Hollywood, Frank Soutelo regresa para afrontar o seu primeiro caso en Galicia. Un mozo acaba de morrer e a súa familia sospeita que o pasamento foi inducido. Coa axuda do ex-garda civil Poncio e da moza Dalia Maxino, Soutelo rematará por mergullarse no mundo do ladrillo e da especulación, entre a vaga de lumes que arrasa o país no verán de 2006.



ÁFRICA EN EL CORAZÓN

Mª del Carmen BANDERAS

Diko é un mozo camerunés da tribo dos dowayos que decide nun emigrar ao paraíso europeo. Ao longo desta viaxe aparecerán moitas peculiaridades do continente africano e, sobre todo poderá verse a dureza da supervivencia alí e ademais descubrir a odisea destes mozos inmigrantes para conseguir o seu soño: ter unha vida mellor

OS MEGATOXOS E A CARA OCULTA DA LÚA

Anxo FARIÑA

Todos os humanos teñen dúas caras: a luminosa e a escura. A primeira é a que normalmente amosamos diante dos nosos semellantes, mais, ás veces, o demo interior pugna por saír á superficie. ¿Que pasaría se esa vertente sinistra tomase o control? ¿E se lle acontecese a unha persoa cun alto potencial como Lúa? E se o poder do Toxo complicase aínda máis a situación? O instituto dos Megatoxos cae en desgraza, unha horrible transformación esténdese polo alumnado e o profesorado. Mentres, en Venecia, unha misteriosa raíña trata de dominar o mundo



EL RÍO DEL OLVIDO

Julio LLAMAZARES

Unha viaxe pola montaña leonesa, un escenario "tan fermoso como sobrecolleador e tan espectacular como perturbador para espírito e a alma", "unha paisaxe que "garda memoria nas súas pedras do paso feroz do tempo" que nos leva a un mundo rural, a un territorio que forma parte da nosa historia e a nosa memoria. Un relato sobre o recordo e a mirada do que chega a nós de "os outros", os fuxidos, os que tentaron "resistir".

COCIÑANDO AO PÉ DA LETRA

Iolanda Castaño coordinou pero

cociñaron en este libro entre outr@s: Anxos Sumai, Helena Villar J, Rosa Aneiros, Lupe Gómez, Fina Casallerrey, Xavier Rodríguez Baixeras, Malga do Val, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz e María Reimóndez que, como son xente de letras pero comen, e elaboraron algo a medio camiño entre a literatura e a cocina, para demostrar que todo pode ser cociñado e que a boa cociña merece sempre a pena

